

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 12 de xullo de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día doce de xullo de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(762).-ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria e da extraordinaria e urxente do 28 de xuño de 2012. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(763).- PROPOSTA PARA A CREACIÓN DO FICHEIRO DE CONTROL DE VISITAS Á SEDE MUNICIPAL. EXPTE. 6607/113.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do adxunto ó xefe do Servizo de Administración Electrónica do 27.06.13, conformado pola xefa do Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Seguridade, Mobilidade e Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda.

1).- A creación dos ficheiros da Concellalía de Seguridade, Mobilidade e Xestión Municipal na Area de Rexime Interior especificados no ANEXO, que contén a informa-

ción esixida no artigo 20.2 da Lei Orgánica 15/1999 para á disposicións de creación dos ficheiros.

2).- O titular do órgano responsable destes ficheiros adoptará as medidas de xestión e organización que sexan necesarias, asegurando a confidencialidade, os dereitos e as obrigas recoñecidas na Lei.

3).- Os datos de carácter persoal dos ficheiros do ANEXO, só serán utilizados para ós fins expresamente previstos, e por persoal debidamente autorizado.

4).- Ós datos só poderán ser cedidos nos supostos expresamente previstos pola lei.

ANEXO

Ficheiros de nova creación da Concellaría de Seguridade, Mobilidade e Xestión Municipal do Concello de Vigo:

1) FICHEIRO DE CONTROL DE VISITAS Á SEDE MUNICIPAL.

a) Finalidade do ficheiro e uso previsto: Ter un rexistro do accedo da cidadanía a sede do Concello.

b) Persoas ou colectivos dos que se pretende ter os datos de carácter persoal: Cidadans acceden ó interior da Sede do edificio principal do Concello.

c) Procedemento de recollida de datos: Toma de datos por parte de persoal municipal na entrada do concello

d) Estructura básica do ficheiro: Base de Datos.

f) Órgano responsable do ficheiro: Concellaría de Seguridade, Mobilidade e Xestión Municipal, Área de Rexime Interior do Concello de Vigo .

g) Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición de datos que constan no ficheiro poderán exercerse, se é o caso, ante a Secretaría Xeral do Concello de Vigo, Praza do Rei, 1, 36202 Vigo.

h) Medidas de seguridade: Nivel Básico.

i) Datos de carácter persoal recollidos: DNI, Nome completo, dirección, telefono e imaxe escaneada do DNI.

3(764).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 15/2991,04/937, 242/16.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta da xefa de Área de Benestar Social, conformados pola concelleira-delegada da Área de Política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- Celia Caeiro Lago. Expte. 2991/15.

- M^a Mercedes Monroy Fernández. Expte. 04/937
- Juana Leirós Rodríguez. Expte. 242/16.

4(765).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DA ÁREA DE CULTURA, FESTAS E MUSEOS NO MES DE XUÑO 2013. EXPTE. 255/330.

En cumprimento das instrucións da base 31^o das de execución do presuposto en vigor, o concelleiro delegado da Área de Cultura Festas e Museos, dá conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de gasto menor tramitados polo servizo da Área de Cultura, Festas e Museos, no mes de xuño de 2013, que son os seguintes:

EXPTE	DATA	CONCEPTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE	TERCEIRO
252/330	26/06/13	SERVIZOS DE PRODUCCIÓN E COORDINACIÓN TÉCNICA DO FESTIVAL DE JAZZ "IMAXINA SONS'13"	33402260904	43894	21.525,90 €	Sacaferro, S.L.
253/330	26/06/13	SERVIZOS DE INFRAESTRUTURAS, EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN E BACKLINE PARA O FESTIVAL DE JAZZ IMAXINA SONS 2013.	33402260904	43895	21.538,00 €	Luz Puntural, S.L.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

5(766).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE FESTAS DURANTE O MES DE XUÑO DE 2013. Expte. 5161/335.

En cumprimento das instrucións da base 31^o das de execución do presuposto en vigor, o concelleiro delegado da Área de Cultura Festas e Museos, dá conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Festas, durante o mes de xuño de 2013, que son seguintes:

*Expte: 5138/335. CONTRATACIÓN DE OBRADOIROS "JUMPING CLAY" POR BARRIOS PARA O PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2013
Decreto concelleira data: 26/06/2013
Informe Intervención: RCM 44478
Adxudicatario: VIS GLOBAL SL
Importe total: 3.090,00 EUROS*

Expte: 5139/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE RUTAS INFANTÍS DA PIRATA BABI PARA O PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2013

Decreto concelleira data: 21/06/2013

Informe Intervención: RCM 43762

Adxudicatario: MEKANÉ DIDÁCTICA SL

Importe total: 2.420,00 EUROS

Expte: 5140/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ANIMACIÓN "BENITO E RUFINA" POR BARRIOS PARA O PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2013

Decreto concelleira data: 18/06/2013

Informe Intervención: RCM 43769

Adxudicatario: TROULA ANIMACIÓN SL

Importe total: 2.662,00 EUROS

Expte: 5141/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XOGOS INFANTÍS "UN MUNDO DE XOGOS" POR BARRIOS PARA O PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2013

Decreto concelleira data: 21/06/2013

Informe Intervención: RCM 43892

Adxudicatario: BARAFUNDA SL

Importe total: 3.412,20 EUROS

Expte: 5142/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MONTAXE DE FERROS E INFRAESTRUTURAS PARA OS CONCERTOS NO AUDITORIO DE CASTRELOS POLO PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2013

Decreto concelleira data: 18/06/2013

Informe Intervención: RCM 43770

Adxudicatario: SACAFERRO SL

Importe total: 20.942,20 EUROS

Expte: 5145/335. CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PREVENTIVOS DE CRUZ VERMELLA PARA OS CONCERTOS DO AUDITORIO DE CASTRELOS – PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2013

Decreto concelleira data: 26/06/2013

Informe Intervención: RCM 44479

Adxudicatario: CRUZ ROJA ESPAÑOLA

Importe total: 2.000,00 EUROS

Expte: 5146/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VENDA DE ENTRADAS POLA CENTRAL DE ESPECTÁCULOS PARA OS CONCERTOS NO AUDITORIO DE CASTRELOS – PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2013

Decreto concelleira data: 27/07/2013

Informe Intervención: RCM 44480

Adxudicatario: ROMÁN MARTÍNEZ BOUZÓN

Importe total: 613,59 EUROS

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

6(767).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN AO CLUB CICLISTA MEIXOEIRO PARA ORGANIZAR O XXV GRAN PREMIO CICLISTA MEIXOEIRO O VINDEIRO 20 DE XULLO. EXPTE. 12223/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 3.07.13, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao Club Ciclista Meixoeiro a organizar o vindeiro sábado 20 de xullo de 2013, o XXV GRAN PREMIO CICLISTA MEIXOEIRO , dita proba comenizará ás 17.30 horas e rematará ás 19.30 horas, tendo o circuíto programado polo Barrio do Meixoeiro, Avda. De Madrid (vella), Camiño Tixolo e Camiño do Meixoeiro

7(768).- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN DIRECTA Á FUNDACIÓN CELTA DE VIGO POLO DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE FOMENTO DO FÚTBOL BASE DURANTE A TEMPADA DEPORTIVA 2012/2013. EXPTE. 12272/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 2.07.13, o informe de fiscalización, do 5.07.13, e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 26.06.13, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e a concelleira de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar a presente resolución de concesión de subvención directa por un importe de 50.000,00 €. a favor da entidade Fundación Celta de Vigo, co CIF: G-36810042 con enderezo social na Avda. Balaidos, S/N, en Vigo, con cargo á partida 3410.489.00.16 do vixente orzamento e dacordo cos condicionantes establecidos na propia resolución:

a) O obxecto da presente proposta de resolución é coadxuvar á financiación dos gastos vinculados ó desenvolvemento do programa de fomento do fútbol base da entidade durante a tempada 2012/2013.

b) A lexislación aplicable, para esta resolución de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2013.

c) Esta subvención ten un claro carácter de interés público social, e ademais a subvención que se regula a través desta resolución non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que se pode conceder directamente ao

figurar nominalmente, no orzamento aprobado para o exercicio 2013, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

d) Esta subvención é compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financiaran a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

e) Que a Fundación Celta de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 12272-333.

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

f) Son gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada.

g) En canto á subcontratación das actividades subvencionadas, o presente convenio autoriza as mesmas conforme ao establecido no artigo 27 da LSG.

h) A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a proposta de subvención foi comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes adxunta no expediente o informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poideran resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

i) A tramitación do pago do importe da subvención adxudicada a través desta resolución se realizará mediante transferencia bancaria á conta da Fundación

Celta de Vigo tras a aprobación pola Xunta de Goberno Local desta resolución.

j) A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

k) As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

l) Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e procedemento para a súa apreziación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

m) A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes.

SEGUNDA: Aprobar o pago da subvención directa por un importe de 50.000,00 €. a favor da Fundación Celta de Vigo, co CIF: G-36810042, con enderezo social na Avda. Balaidos, S/N, en Vigo, con cargo á partida 3410.489.00.16 do vixente orzamento, de acordo cos condicionantes establecidos na propia resolución e atendendo á conta xustificativa anexa ó expediente remitida pola entidade beneficiaria.

8(769).- DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE “PAVIMENTACIÓN DO VIAL DE ACCESO Á PRESA DE EIRAS” DO PLAN DE INVERSIÓN DE AQUALIA. EXPTE. 1951/440.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 8.07.13, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión Extraordinaria e Urgente celebrada o día 21 de novembro de 2011, acordou declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, por un período de 5 anos.

Na clausula terceira do documento, establécese o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo, de levar a cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.

Así mesmo en sesión ordinaria de data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a ordeación do procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia. Este procedemento no apartado III, punto c, indica que a entidade Concesionaria Aqualia comprométese a dar conta á Xunta de Goberno Local do correspondente contrato de obra, o cal deberá incluír unha serie de apartados específicos.

A memoria de "Pavimentación do vial de acceso á Presa de Eiras", foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 14 de xuño de 2013, co número de expediente 2.350/443 e por un importe total de 44.211,48 € (IVE excluído).

En data 5 de xullo de 2013, Aqualia presenta no Rexistro Xeral do Concello a documentación requirida no apartado III.c indicado anteriormente.

Dacordo co indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- Dar conta da tramitación do seguinte expediente "Pavimentación do vial de acceso á Presa de Eiras", cos datos requeridos no apartado III.c do Procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia:

- Código do proxecto: Expte. 2.350/443.
- Nome e razón social do adxudicatario: Aqualia Infraestructuras, S.A.
- NIF: A38849495.
- Orzamento de execución material: 37.152,50 €
- Orzamento de contrata: 44.211,48 € (IVE excluído).
- Prazo de execución: 1 mes.
- Data inicio obra: 15 días dende a firma da Acta de Comprobación de replanteo e a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde e o Plan de Xestión de Residuos.
- Clasificación do contratista: Non se require.
- Prazo de garantía: 2 anos.
- Asistencia Técnica: ESINPRO, S.L.
- Dirección de obra: Álvaro Crespo Casal e Jerónimo Centrón Castaños.
- Coordinación de Seguridade e Saúde: CSM Gestión de Seguridad en Construcción, S.L.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

9(770).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN AO CONCELLO DE FORNELOS DE MONTES PARA A TALA DE ÁRBORES NA ZONA DO ENCORO DE EIRAS. EXPTE. 69125/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do asesor xurídico da Área de Fomento, do 2.07.13, conformado polo concelleiro-delegado de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao Concello de Fornelos de Montes para talar e retirar da zona do Encoro de Eiras, de titularidade municipal, todos os eucaliptos conforme co plan de corta aprobado polo Servizo de Montes da Consellería de Medio Rural e do Mar, de Augas de Galicia e do Servizo de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, e cumprindo todas as condicións establecidas nas referidas autorizacións sectoriais.

10(771).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES DA ENTIDADE. EXPTE. 6104/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 6.06.13, o informe de fiscalización do 3.07.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión de Participación e Atención Cidaáda, do 9.07.13, conformado polo xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, o concelleiro de Emprego, Participación Cidadá, Voluntariado e Educación e a concelleira de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo á partida presupostaria nº 9240.4890001, denominada "*Convenio Federación Peñas Recreativas El Olivo*", incluída no vixente orzamento municipal de 2013.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a "Federación de Peñas Recreativas El Olivo" (CIF.- G-36704666), cuxo obxecto é o fomento das actividades da entidade a realizar pola entidade entre xaneiro e outubro de 2013, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos derivados da súa organización, promoción e execución e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONDECER á referida entidade, unha subvención de 15.000 € (quinze mil euros).

TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá

interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO" PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE REALIZADAS ENTRE XANEIRO E OUTUBRO DE 2013

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil trece

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Balbino Moreira Vállez, con DNI 36004893-A, en calidade de Presidente da "Federación de Peñas Recreativas El Olivo" (CIF : G-36704666), con domicilio social na rúa Praza de Galegos Ilustres de Vigo, nº 2, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte: 6104/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.

II.- Que a entidade "Federación de Peñas Recreativas El Olivo", de conformidade co art. 2 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins, todos eles de interese para a cidadanía viguesa:

- A estimulación e o desenvolvemento do deporte*
- O fomento e a estimulación da cultura e o arte*
- A organización e desenvolvemento de eventos recreativos*

- O apoio a iniciativas realizadas en prol do desenvolvemento cultural de Vigo

III.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), a “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 143/90.

IV.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” leve a cabo os proxectos e actividades sociocomunitarias planificadas para os meses de xaneiro a outubro de 2013, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos derivados da organización, fomento e execución das mesmas.

V.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal (2013), a partida orzamentaria nº 9240.4890001, denominada “Convenio Federación Peñas Recreativas El Olivo”, nominativa a favor da entidade, con unha consignación presupostaria de 15.000 €.

VI.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos necesarios para levar a organización, promoción e execución das actividades programadas pola federación de xaneiro a outubro de 2013, cuxa contía, segundo proxecto de actividades e orzamento, achegados pola entidade, ascende a:

ÁREAS	CONCEPTO	ORZAMENTO	CONTÍA SOLICITADA
Organización	Xestión e administracións - Local Social - Consumibles - Administracións - Subministrados	7.500,00 €	7.000,00 €
Promoción	Edición da “ Revista Anuario”	1.700,00 €	1.500,00 €
Convivencia	Festa das Peñas Cea Irmandade	5.000,00 €	4.500,00 €
Social	XXIX Trofeo Cidade de Vigo de Xogos de Mesa	2.300,00 €	2.000,00 €
TOTALS		16.500,00 €	15.000,00 €

VII.- Que a entidade “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” non está incurso en ningunha circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que incorporadas ao expediente.

VIII.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade “Federación de Peñas Recreativas El Olivo”, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito sociocomunitario e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade "Federación de Peñas Recreativas El Olivo" comprométese a colaborar coa concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo a organización, promoción, fomento e execución das actividades obxecto do presente convenio.

2. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Participación Cidadá, cunha antelación de 15 días naturais, o lugar, datas e horas de inicio das actividades, e programación para desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicarlle calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.

3. Contratar un seguro de responsabilidade civil xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros na súa condición de usuario da propiedade municipal e tendo en conta ó Concello como un dos asegurados. Asemade esta incluirá a responsabilidade civil locativa que ampare calquera dano que poida ocasionar ó local polos actos u omisións de carácter negligente co límite de indemnización mínima fixado no acordo de cesión do Pleno do Concello de Vigo, e en todo caso a falta deste acordo polo importe mínimo de 300.506 € .

4. Editar o material gráfico da programación das actividades sociais que figuran no convenio e a súa distribución no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo como patrocinador das actividades, sendo esta cuestión extensible ás placas de trofeos, carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.

5. A revista "Anuario" reservará dúas páxinas para os saúdas do/da alcalde/alcaldesa e do/da concelleiro/a de Participación Cidadá, figurando na contraportada do libro o texto "Patrocinado polo Concello de Vigo -Concellaría de Participación Cidadá-" co seu logotipo oficial. As páxinas para espazos publicitarios incluíranse no interior do libro e limitaranse a un máximo de 16. Na memoria final deberán indicarse os importes dos patrocinios publicitarios inseridos na revista.

6. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.

7. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

8. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.

9.As actividades de carácter sociocomunitario recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.

10. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellaría de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, as memorias parciais e/ou final xunto as correspondentes memorias económicas, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual, e inventario actualizado das dotacións e instalacións, deixando constancia do estado de conservación das mesmas.

11. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

12. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar tanta información e documentación se lle solicite ao efecto.

13. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade "Federación de Peñas Recreativas El Olivo" unha subvención por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4890001, denominada "Convenio Federación Peñas Recreativas El Olivo" do vixente orzamento municipal (2013), co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados organización, promoción, execución e, en definitiva, fomento das actividades sociocomunitarias programadas pola entidade para o os meses de xaneiro a outubro de 2013.

2. Respetar a estrutura organizativa da "Federación de Peñas Recreativas El Olivo" e asinar o convenio estruturado en áreas con programas específicos.

3. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou disfrute da subvención e, no se caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18.3.a) da Lei Xeral de Subvencións, ao tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos orzamentos municipais.

Sétimo.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

Será requisito necesario que a entidade acredite non estar incurso en ningún dos supostos do art. 31.6 LSG.

De conformidade co art. 42 e ss. do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa Federación de Peñas Recreativas El Olivo.

Oitavo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación do 2013.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola "Federación de Peñas Recreativas El Olivo" mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 2 de novembro de 2013.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterà a seguinte documentación e información:

a) Solicitud de abono da subvención.

b) Memoria descriptiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado

2. Datas e lugar de celebración.

3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.

4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.

5. Actuacións realizadas.

6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.

7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación

8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.

9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento

c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, ríscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta que:

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albaráns....

- *se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor.*
- *no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...).*
- *de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.*
- *as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.*
- *cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fehaciente da exención expedida polo órgano ou administración competente.*
- *para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de retención e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo.*
- *as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención*
- *non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE*
- *o IRPF será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria*
- *xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.*

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto, se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- *Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.*

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) no caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG

i) acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, en de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

j) copias dos seguros de responsabilidade civil.

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 5077 93 3040016285 (Novagalicia Banco)

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2013, no período comprendido entre o 01/01/13 e o 31/10/13.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu

presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo quinto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2013, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2013.

11(772).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “FUNDACIÓN IGUAL ARTE (2013)” PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES DA ENTIDADE. EXPTE. 6113/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 7.06.13, o informe de fiscalización do 8.07.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión de Participación e Atención Cidadá, do 9.07.13, conformado polo xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, o concelleiro de Emprego, Participación Cidadá, Voluntariado e Educación e a concelleira de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 13,500 € (trece mil cincocentos euros), con cargo á partida presupostaria nominativa nº 9240.4890012, denominada “*Convenio Fundación Igual Arte*”, incluída no vixente orzamento municipal de 2013, a favor da entidade Fundación Igual Arte.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Igual Arte (CIF.- G-36427524), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade para o ano 2013, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de aluguer de seu local social entre os meses de xaneiro a outubro, situado na Rúa Casiano Martínez, 32- baixo, necesarios para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONCEDER á referida entidade, unha subvención de 13.500 € (trece mil cincocentos euros).

TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN IGUAL ARTE PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA O 2013, MEDIANTE O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE ALUGUER DO SEU LOCAL SOCIAL, ENTRE OS MESES DE XANEIRO A OUTUBRO, NECESARIO PARA O SEU DESENVOLVEMENTO

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil trece

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D^a M^a Cristina Lago Pérez, con DNI 36143539M, en calidade de Presidenta da Fundación Igual Arte (CIF: 36427524), con domicilio social en Peinador-Torroso, nº 82, de Mos, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 6113/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovelas activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, fundacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, sociais, culturais, artísticas educativas, sanitarias, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario e socioeducativas que redundan en beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento da educación especial, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a educación e formación no ámbito da integración (laboral, social, educativa, familiar...) das persoas con discapacidade, sendo a Fundación Igual Arte unha das máis importantes entidades que perseguen estes obxectivos.

III.- Que, de conformidade co art. 6 dos seus Estatutos, a entidade "Fundación Igual Arte", ten, en xeral, por obxecto, a promoción, desenvolvemento, protección, participación, fomento de actividades sociais, culturais, educativas, musicais de expresión, danza, teatro, plástica e arte para todos, contemplando entre os seus fins concretos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Potenciar o benestar persoal das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.*
- ✓ Incrementar o sentimento de autoestima e autonomía das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.*
- ✓ Crear un espacio activo integrador, fomentando actividades lúdico artísticas que melloren o tempo libre e ocio das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.*
- ✓ Favorecer a capacidade de interrelación descubriendo outras canles de comunicación para estas persoas.*
- ✓ Concienciar a sociedade das posibilidades artísticas das persoas con minusvalías.*
- ✓ O inicio dunha liña de investigación na que se desenvolvan métodos e adaptacións curriculares para persoas con necesidades educativas especiais.*
- ✓ Desenvolver vehículos de comunicación potenciando a interrelación familiar.*
- ✓ Implicación da familia na filosofía e proxecto da Fundación.*

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 16/05/97, a “Fundación Igual Arte” atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 851/03 no epígrafe 2.7.2.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a entidade Fundación Igual Arte leve a cabo os proxectos e actividades socioeducativas planificadas para o 2013, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos aluguer do seu local social, necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal (2013), a partida orzamentaria nominativa nº 9240.4890012, denominada “Convenio Fundación Igual Arte”.

VII.- As actividades programadas pola Fundación Igual Arte para o 2012, que fundamentan a concesión da subvención para o financiamento dos gastos de aluguer do seu local social, situado na Rúa Casiano Martínez, son, con carácter xeral, segundo proxecto incorporado ao expediente:

Bloque axuste persoal	- Autonomía persoal - Mantemento físico deportivo e piscina
Bloque artístico	- Programa de educación musical - Programa de expresión corporal - Programa de expresión plástica creativa
Outras	- Xornadas de verán - Viaxe fin de curso - Talleres de Nadal, carnaval e verán - Formación voluntariado e alumnos en prácticas - Espectáculos e saídas artísticas

VIII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades da fundación, mediante o financiamento dos gastos de aluguer do seu local social, entre os meses de xaneiro a outubro de 2013, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade, cuxa contía, segundo orzamento de gastos achegado, é de 13.500 € (quinze mil euros).

ORZAMENTO DE GASTO DA ENTIDADE (xaneiro- outubro 2013)	
Arrendamento e imposto	13.500,00 €
Compra de materias primas	9.000,00 €

<i>Compras aprovisionamento</i>	1.400,00 €
<i>Servizos profesionais externos</i>	17.000,00 €
<i>Reparacións e conservación</i>	1.200,00 €
<i>Primas de seguros</i>	2.600,00 €
<i>Subministros (auga, electricidade, carburante...)</i>	8.000,00 €
<i>Servizos (material actividades, oficina, teléfono, saídas...)</i>	6.100,00 €
<i>Tributos (Lixo, IVTM)</i>	500,00 €
<i>Soldos e salarios</i>	56.700,00 €
<i>Seguridade Social</i>	15.800,00 €
TOTAL	131.800,00 €

IX.- Que a entidade Fundación Igual Arte non está incurso en ningunha circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

X.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, educativo... que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade Fundación Igual Arte, o Concello de Vigo e a beneficiaria conveñen a súa colaboración, no ámbito socioeducativo e lúdico-formativo, dirixidas á potenciar o benestar e a integración de persoas con minusvalías e necesidades especiais, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade Fundación Igual Arte comprométese a colaborar coa concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

- 1. Levar a cabo a actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.*
- 2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.*
- 3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.*
- 4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.*
- 5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa final xunto a correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto oitavo deste convenio, así como, o balance económico anual.*

6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar tanta información e documentación se lle solicite ao efecto.

8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade "Fundación Igual Arte" unha subvención por importe de 13.500 € (trece mil cincocentos euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4890012, denominada "Convenio Fundación Igual Arte", do vixente orzamento municipal (2013), co obxecto de colaborar co financiamento dos gastos aluguer do seu local social entre os meses de xaneiro a outubro de 2013, situado na Rúa Casiano Martínez, 32- baixo, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade, en definitiva, para o fomento das mesmas.

2. Respetar a estrutura organizativa da "Fundación Igual Arte".

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no se caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18.3.a) da Lei Xeral de Subvencións, ao tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos orzamentos municipais.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarse, en lugar preferente da sede social da entidade e locais onde se desenvolvan as actividades, un cartel publicitario anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación para o 2013.

Oitavo.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola Fundación Igual Arte mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 2 de novembro de 2013.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterà a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

- 1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado*
- 2. Datos e lugar de celebración.*
- 3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
- 4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.*
- 5. Actuacións realizadas.*
- 6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*
- 7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación*
- 8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.*
- 9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento*

c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do

emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta que:

- *os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención*
- *os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.*
- *os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.*
- *en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albaráns....*
- *se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor.*
- *no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...).*
- *de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.*
- *as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.*
- *cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fehaciente da exención expedida polo órgano ou administración competente.*
- *para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de retención e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo.*
- *as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención*

- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE
- o IRPF e o IS serán subvencionables cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, en de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 0560 90 3040004695 (Novagalicia Banco)

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2013, no período comprendido entre o 01/01/13 e o 31/10/13.

Décimo.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo quinto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio;

as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo sexto.- O presente convenio terá vixencia dende a a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2013, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuaduplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2013.

12(773).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "ASOCIACIÓN COLECTIVO VECIÑAL CURVA DE SAN GREGORIO (2013)", PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES DA ENTIDADE. EXPTE. 6098/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 6.06.13, o informe de fiscalización do 8.07.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión de Participación e Atención Cida da, do 9.07.13, conformado polo xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, o concelleiro de Emprego, Participación Cidadá, Voluntariado e Educación e a concelleira de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 2.885 € (dous mil oitocentos oitenta e cinco euros), con cargo á partida presupostaria nº 9240.4890010 denominada "*Convenio Asociación veciños Curva de San Gregorio*", incluída no vixente orzamento municipal de 2013.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a "Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio" (CIF.- G-36972024), cuxo obxecto é o fomento dos cursos de iniciación de informática para maiores, no ámbito das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) programadas pola entidade para o ano 2013 e a realizar entre os meses de xaneiro e outubro, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento necesario para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONDECER á referida entidade, unha subvención de 2.885 € (dous mil oitocentos oitenta e cinco euros).

TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o

primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "ASOCIACIÓN COLECTIVO VECIÑAL CURVA DE SAN GREGORIO" PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO NECESARIOS PARA A ORZANIZACIÓN E IMPARTICIÓN DE CURSOS DE INICIACIÓN DE INFORMÁTICA PARA MAIORES (TIC) ENTRE OS MESES DE XANEIRO A OUTUBRO DE 2013

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil trece

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Alexendre Bermúdez Iglesias, con DNI 36014708-C, en calidade de Presidente da "Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio" (CIF : G-36972024), con domicilio social na Rúa Tomás A. Alonso, nº 185- 6º G, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 6098/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao aociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.

II.- Qua a entidade "Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio", de conformidade co art. 5 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa:

- defensa dos intereses do veciños

- organización de actividades socioculturais
- mellora dos servizos
- mellora da calidade de vida da zona

III.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), a "Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio" atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 1079/09.

IV.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a "Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio" leve a cabo os proxectos e actividades sociocomunitarias planificadas para o ano 2013, en particular, as realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2013, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento derivados da organización, fomento e execución das mesmas.

V.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal (2013), a partida orzamentaria nº 9240.4890010, denominada "Convenio Asociación Veciños Curva de San Gregorio", nominativa a favor da entidade, con unha consignación presupostaria de 2.885 €.

VI.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos de mantemento da asociación necesarios organizar e levar a cabo cursos de iniciación de informática para maiores, no ámbito das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC), programados para o ano 2013 (xaneiro-outubro) , cuxa contía total, segundo orzamento de gastos, e o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO (xaneiro-outubro)	
Aluguer local social (50%)	2.615,00 €
Seguro	285,00 €
Servizo de abastecemento de auga	225,00 €
Servizo de telefonía e acceso a internet	430,00 €
Serizo de luz	545,00 €
TOTAL	4.100,00 €

VII.- Que a entidade "Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio" non está incurso en ningunha circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.

VIII.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade "Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio", o Concello de Vigo e a devandita

asociación conveñen a súa colaboración no ámbito sociocomunitario e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade "Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio" comprométese a colaborar coa concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

- 1. Levar a cabo a actividade que fundamenta a concesión da subvención (cursos de iniciación de informática para maiores), co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.*
- 2. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Participación Cidadá, cunha antelación de 15 días naturais, o lugar, datas e horas de inicio das actividades, e programación para desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.*
- 3. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.*
- 4. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.*
- 5. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.*
- 6. As actividades de carácter sociocomunitario recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.*
- 7. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellaría de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, as memorias parciais e final xunto as correspondentes memorias económicas, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual.*
- 8. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.*
- 9. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.*
- 10. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- 1. Conceder directamente á entidade "Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio" unha subvención por importe de 2.885 € (dous mil oitocentos oitenta e cinco euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4890010, denominada "Convenio Asociación Veciños Curva de San Gregorio", do vixente orzamento municipal (2013), co obxecto de colaborar ao*

financiamento gastos de mantemento da asociación, necesarios para a organización e impartición dos cursos de iniciación de informática para maiores, programados pola entidade para o 2013, a impartir entre o 01/01/13 ao 31/10/13, en definitiva, para o fomento das súas actividades formativas.

2. Respetar a estrutura organizativa da “Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio ” e asinar o convenio estruturado en áreas con programas específicos.

3. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no se caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18.3.a) da Lei Xeral de Subvencións, ao tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos orzamentos municipais.

Sétimo.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

Será requisito necesario que a entidade acredite non incorrer en ningún dos supostos do art. 31.6 LSG.

De conformidade co art. 42 e ss. Do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio.

Oitavo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola "Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio" mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 2 de novembro de 2013.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.

9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento

c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificadas e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta que:

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albaráns....
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor.
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...).
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fehaciente da exención expedida polo órgano ou administración competente.
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de retención e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo.

- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE
- o IRPF será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.
- cando se xustifican gastos de aluguer, Modelo 115 de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifican gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) no caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG

i) acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, en de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza

destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 0572 52 3040001308 (Novagalicia Banco)

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2013, no período comprendido entre o 01/01/13 e o 31/10/13.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal,

sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo oitavo.- O presente convenio terá vixencia dende a a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2013, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2013.

13(774).- EXTINCIÓN DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DE RESTAURANTE EN AVDA. DE SAMIL OUTORGADA A D^a. CARIDAD FALAGAN GARCÍA. EXPTE. 19647/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Patrimonio, do 18.06.13, conformado pola concelleira delegada de Patrimonio, que di o seguinte:

PRIMEIRO.- O Pleno Municipal na súa sesión de data 30 de agosto de 1976, acordou adxudicar a Da. Caridad Falagan García, polo prazo máximo de 40 anos, a construción e explotación dun restaurante 2-M-3, na praia de Samil, con suxección estricta ó Prego de Condicións aprobado por acordo plenario de 30.05.1975.

SEGUNDO.- Segundo tivo coñecemento a oficina da Concelleira delegada da Area de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos e Patrimonio, Da. Caridad Falagan García, faleceu o pasado día 29 de maio.

TERCEIRO.- O Prego de Condicións administrativas que serviu de base ó concurso público convocado e polo que seadjudicou a Da. Caridad Falagan García dita concesión administrativa para a construccción e explotación do restaurante na praia de Samil, dispoñe na súa Condición XV- Secuestro, Rescate e Caducidade que: Seran causas de secuestro, rescate e caducidade da concesión, as especificamente previstas na vixente Lei de Réxime Local e regulamentos dictados para a súa aplicación e calesquera outras disposicións legais e regulamentarias que sexan de aplicación.

Neste senso, o regulamento de contratación das Corporacións Locais, norma vixente no momento do outorgamento da concesión administrativa, dispoñe no seu art. 68 a facultade da Administración para a denuncia do contrato por causa do falecemento do contratista. Causa de resolución contractual, igualmente prevista na vixente Lei de Contratos do Sector Público no seu art. 223.a).

A Lei de Patrimonio das AAPP, reguladora do réxime xurídico do patrimonio das Administracións Públicas, establece no seu art.100 as causas de extinción das autorizacións e concesións demaniais outorgadas, fixando entre outras causas de extinción a morte ou incapacidade sobrevenida do usuario ou concesionario individual ou extinción da personalidade xurídica.

CUARTO.- A teor do exposto, e resultando acreditado o falecemento da concesionaria, Da. Caridad Falagan García, procede a incoación do correspondente expediente administrativo para a declaración de extinción da concesión administrativa por dita causa.

No acordo da apertura do expediente de extinción da concesión, resolverase sobre a posibilidade de suspensión ou continuación na prestación do servizo polos herdeiros da concesionaria durante a instrución do expediente e en tanto non se adopte e adquira firmeza o acordo de resolución. (art. 71 do RCCL).

CUARTO.- Resulta competente para a adopción do presente acordo, a Xunta de Goberno Local, en virtude do disposto na Disposición Adicional Segunda, apartado terceiro, do TRLCSP.

Por todo isto, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Incoar expediente administrativo para a declaración de extinción da concesión administrativa outorgada polo pleno municipal o 30 de agosto de 1976 á Da. Caridad Falagan García para a construción e explotación dun restaurante 2-M-3, na praia de Samil desta cidade de Vigo, polo falecemento da concesionaria.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo os herdeiros de Da. Caridad Falagan García, e demais interesados no procedemento, outorgándolles un prazo de quince días, a contar dende o día seguinte a súa notificación, para que teñan vista do expediente e poidan formular as alegacións e presentar a documentación que na defensa dos seus intereses estimen conveniente.

TERCEIRO.- Comunicar os herdeiros de Da. Caridad Falagan García a suspensión na prestación do servizo, de conformidade co disposto no art. 71 do RCCL ”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(775).- NOMEAMENTO INTERINO, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DUNHA AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL PARA O SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 24199/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 17.06.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como Auxiliar de Administración Xeral, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servi-

zo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Benestar Social, contida no escrito de data 4 de xuño de 2013 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 10.747,62€ con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00 -outras modalidades contratación laboral, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Segundo.- Nomear como funcionaria interina por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a D^a. SUSANA VÁZQUEZ BARBOSA, DNI 34.965.732-M, seguinte aspirante que superou tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Auxiliares de Administración Xeral, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- O referido nomeamento faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 138, auxiliar, sendo adscrita ao Servizo de Benestar Social, (cód. 301).

Cuarto.- A xonada laboral da referida funcionaria interina nomeada, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requerimento do Servizo fose necesario.

Quinto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

15(776).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL:

A) RESOLUCIÓN DE DATA 5.07.13 DE REINCORPORACIÓN AO CONCELLO DE VIGO DO FUNCIONARIO D. FRANCISCO J. GONZÁLEZ YEBRA-PIMENTEL. EXPTE. 24215/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 5.07.13, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En escrito de data 01/07/2013 (documento administrativo nº 130077125) D. Francisco González-Yebra Pimentel, Técnico de Administración Xeral (rama xurídica) e funcionario de carreira do Concello de Vigo, comunica o seu cesamento no Gabinete Técnico do Tribunal Supremo como Letrado, no cal se atopaba prestando servizos dende o ano 2011, aportándose orixinais da resolución de cesamento.

O funcionario indicado atopábase prestando os seus servizos noutra Administración Pública, nos termos do establecido no artigo 88 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

2.- En data 01/07/2013 foi solicitado informe técnico en relación ao número de prazas vacantes de Técnico de Administración Xeral (rama xurídica) con indicación dos correspondentes postos de traballo asociados ás mesmas e servizos/unidades de destino, así como ao estado das prazas incluídas en Oferta de Emprego Público 2010 e 2011, e á viabilidade técnica da convocatoria das mesmas na data actual e tras a formalización do reingreso solicitado, considerando a existencia de dous funcionarios municipais pertencentes ao corpo, escala e clase indicados que se atopan declarados en situación de servizos especiais (Sr. Ramos Covelo, Alfonso, e Sra. Parajó Calvo, Margarita); informe emitido o 03/07/2013 e no cal se indica, entre outros aspectos, que “no Cadro de Persoal Municipal para o ano 2013, aprobado polo Pleno da Corporación Municipal xunto co Orzamento Xeral para o presente exercicio, na súa sesión de 30 de xaneiro de 2013, figuran 30 prazas de Técnico/a de Administración Xeral, das que 26 se corresponden a rama xurídica e 4 a rama económica. Atópanse vacantes na actualidade 3 prazas de Técnico/a Administración Xeral nos servizos de Participación Cidadá, Dirección de Ingresos e Inspección de Tributos”.

En consecuencia, existe na actualidade praza e posto vacante no Cadro de Persoal Municipal e, na Relación de Postos de Traballo, respectivamente, de Técnico/a de Administración Xeral, aos efectos de proceder ao reingreso ao servizo activo do interesado.

3.- En instrución do servizo de data 03/07/2013, o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ordenou “a realización dos trámites administrativos necesarios para a formalización da reincorporación do Sr. González-Yebra Pimentel nunha praza de Técnico de Admón. Xeral (rama xurídica) que se atope vacante no cadro de persoal orzamentario do Concello, dispoñendo igualmente que será asociada ao posto de traballo código 101.06- “Xefe/a unidade administrativa de Alcaldía.

Por parte dese Servizo, e aos efectos da correcta planificación das prazas existentes na plantilla municipal, así como dos postos de traballo asociados ás mesmas e contemplados na RPT, deberá solventarse, nos vindeiros orzamentos municipais, a reconfiguración ou amortización da praza de técnico de organización e métodos en réxime laboral que figura asociada ao posto traballo código 101.06- “Xefe/a unidade administrativa de Alcaldía”, actualmente vacante por xubilación do laboral fixo que a ocupaba.”

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- O artigo 89, apartado 1 da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público contempla que “os funcionarios de carreira que, en virtude dos procesos de transferencias ou polos procedementos de provisión de postos de traballo, obteñan destino nunha Administración Pública distinta, serán declarados na situación de servizo noutras Administracións Públicas. Manteranse nesa situación no caso de que por disposición legal da Administración á que acceden se integren como persoal propio desta.

Nos seus apartados 3 e 4, o mesmo precepto indica que “os funcionarios de carreira na situación de servizo noutras Administracións Públicas que se atopan na dita situación por ter obtido un posto de traballo mediante os sistemas de provisión previstos neste Estatuto, réxense pola lexislación da Administración na que están destinados de forma efectiva, e conservan a súa condición de funcionario da Administración de orixe e o dereito a participar nas convocatorias para a provisión de postos de traballo que se efectúen por esta última. O tempo de servizo na Administración Pública na que están destinados computaráselles como de servizo activo no seu corpo ou escala de orixe.

Os funcionarios que reingresen ao servizo activo na Administración de orixe, procedentes da situación de servizo noutras Administracións Públicas, obterán o recoñecemento profesional dos progresos acadados no sistema de carreira profesional e os seus efectos sobre a posición retributiva conforme ao procedemento previsto nos Convenios de Conferencia Sectorial e demais instrumentos de colaboración que establecen medidas de mobilidade interadministrativa, previstos no artigo 84 do presente Estatuto. En defecto de tales Convenios ou instrumentos de colaboración, o recoñecemento realizarase pola Administración Pública na que se produza o reingreso”.

II.- A reincorporación procedente da situación administrativa de servizos noutra Administración Pública –situación que non comporta dereito a reserva do postos de traballo- como acto formal de contido xurídico similar ao reingreso, debe materializarse, a efectos da xestión económica e orzamentaria do persoal municipal, nunha praza idéntica á de titularidade do efectivo reincorporado (no presente suposto, Técnico de Administración Xeral, rama xurídica, en réxime funcional de carreira con praza en propiedade). Pola súa banda, o modelo de emprego público existente no noso ordenamento xurídico e a configuración legal dos mecanismos de planificación e ordenación de recursos humanos nas Administracións Públicas pivota sobre o concepto de posto de traballo, que toda praza ocupada debe ter necesariamente asociado –xa que, en caso contrario, o funcionario titular da praza debería ser declarado en situación de expectativa de destino-. Por tanto, resulta axustada á legalidade vixente a reincorporación do solicitante nunha praza de TAX rama xurídica, adscribíndoselle provisionalmente a un posto de traballo vacante na Alcaldía – posto código 101.06- “Xefe/a unidade administrativa de Alcaldía”- e que se atopa na actualidade vacante por xubilación do laboral fixo que a ocupaba –e que era, á súa vez, titular dunha praza de técnico medio de planificación e organización en réxime laboral fixo; praza que, á data actual, non parece axustarse, na súa configuración e contido, así como na reserva legal de funcións a favor dos funcionarios públicos que efectúa o artigo 9.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, ao contido funcional do posto de traballo, como responsable do funcionamento da Unidade Administrativa da Alcaldía, estimándose a idoneidade dun TAX encadrado na rama xurídica a tal efecto.

Sen prexuízo do anterior, e como se sinala na instrución do servizo do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal incorporada ao presente expediente administrativo, deberá solventarse, nos vindeiros orzamentos municipais, a reconfiguración ou amortización da mencionada praza de técnico de organización e métodos en réxime laboral que figura asociada ao posto traballo código 101.06- “Xefe/a unidade administrativa de Alcaldía”, aos efectos da correcta planificación das prazas existentes na plantilla municipal, así como dos postos de traballo asociados ás mesmas e contemplados na RPT, motivo polo cal deberá considerarse tal circunstancia no momento da elaboración do documento integrante do Capítulo I de gastos dos vindeiros orzamentos municipais.

III.- En consecuencia, e no uso das competencias que en materia de persoal ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de data 07/02/2013, e da Xunta de Goberno Local por acordo de data 08.02.2013, elévase ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“PRIMEIRO.- Autorizar a reincorporación ao servizo activo no Concello de Vig, procedente da situación administrativa de servizos noutra Administración Pública, de D. Francisco González-Yebra Pimentel, Técnico de Administración Xeral (rama xurídica) e funcionario de carreira do Concello de Vigo, con efectos económicos e administrativos do 01/07/2013, nos termos da solicitude formulada en escrito de data 01/07/2013 (documento administrativo nº 130077125), do informe-proposta que antecede e de conformidade co previsto no artigo 89 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, téndose producido o cesamento na prestación de servizos no Gabinete Técnico do Tribunal Supremo por resolución de 30/06/2013.

SEGUNDO.- Adscribir provisionalmente ao funcionario referenciado no posto de traballo código 101.06- "Xefe/a unidade administrativa de Alcaldía" da vixente RPT, vacante por xubilación do efectivo anteriormente adscrito ao mesmo, onde prestará os seus servizos.

TERCEIRO.- Dar conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e ratificación se procede.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado, Dirección de Ingresos, Xefatura da Área de Réxime Interior, técnico de Planificación e Organización, Servizo de Recursos Humanos (Negociado de Seguridade Social e Inspección auxiliar de Persoal), Intervención Xeral Municipal e Tesourería Municipal (Negociado de Nóminas) aos efectos oportunos."

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Na mesma data, o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, resolve de conformidade coa precedente proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

B) RESOLUCIÓN DE DATA 2.07.13 DE PRÓRROGA DA PERMANENCIA NO SERVIZO ACTIVO FORMULADA POLO FUNCIONARIO D. AVELINO SAN LUIS COSTAS. EXPTE. 24210/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 5.07.13, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Con data 03/05/2013 (documento nº 130049318) foi presentado escrito no Rexistro Xeral do Concello por D. Avelino Manuel San Luis Costas, con DNI 35946375-C e nº de persoal 9.900, no que solicita a prórroga da permanencia no servizo activo, con efectos do 09/08/2013.

O citado funcionario -adscrito ao posto de traballo código 101.12- "Xefe/a Servizo Realcións Públicas e Comunicación" da vixente Relación de Postos de Traballo- se atopa en situación de prórroga no servizo activo, unha vez cumprida a idade legal de xubilación, por Resolución dp Sr. Concellero-Delegado da Área de Xestión Municipal de 03/8/2011 (expediente administrativo nº 22.017/220) e nos termos e condicións establecidas na mesma.

En instrucción do servizo de data de sinatura 02/07/2013 o Sr. Concellero-delegado da Área de Xestión Municipal ordenou a realización dos trámites administrativos necesarios para a autorización da prórroga da permanencia no servizo activo, por dous anos máis sobre a prórroga inicialmente acordada, por entender a necesidade do Concello de dispoñer dos servizos do Sr. San Luis Costas.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, establece no seu artigo 67.3 que:

“La jubilación forzosa se declarará de oficio al cumplir el funcionario los sesenta y cinco años de edad.

No obstante, en los términos de las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto, se podrá solicitar la prolongación de la permanencia en el servicio activo como máximo hasta que se cumpla setenta años de edad. La Administración Pública competente deberá de resolver de forma motivada la aceptación o denegación de la prolongación.

De lo dispuesto en los dos párrafos anteriores quedarán excluidos los funcionarios que tengan normas estatales específicas de jubilación.”

Tal precepto foi interpretado, para o ámbito da Administración Xeral do Estado e os seus organismos autónomos, mediante Resolución do 21 de xuño do 2007, da Secretaría Xeral para a Administración Pública, pola que se publican as Instrucións do 5 de xuño do 2007, para a aplicación do EBEP, entendendo a vixencia transitoria do artigo 33 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública -coas reformas que no seu día efectuaron no seu teor as Leis 13/1996, de 30 de decembro, e 66/1997, de 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e da Orde Social- o cal obviamente exceptiona da permanencia en activo e dende o 01/01/1998 ao personal da Policía Municipal e Extinción de Incendios, que deberá cesar ao cumprir os 65 anos de idade.

O Ministerio de Administracions Públicas (MAP), e coordinación coas a Secretarías de Estado de Cooperación Territorial, Xeral para a Administración Pública, e as Direccións Xerais da Función Pública e de Cooperación Local aprobaron os “CRITERIOS PARA A APLICACIÓN DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO NO ÁMBITO DA ADMINISTRACIÓN LOCAL”, consignando con total claridade que as Administración Locais, a través dos seus órganos competentes, están obrigadas a resolver motivadamente a aceptación ou denegación das solicitudes de prolongación no servizo activo.

Polo Sr. San Luis Costas solicítase a citada prórroga da permanencia con máis de 3 meses de antelación, xa que cumprirá 67 anos o vindeiro 9 de agosto de 2013.

En consecuencia, e de conformidade cos antecedentes e motivación exposta; ao abeiro das competencias recollidas no artigo 127.1h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, segundo redacción dada por Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local; e de conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local de 08,02,2013, de delegación de competencias, sométese a consideración do Sr. Concelleiro-delegado da Area de Xestión Municipal a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“Primeiro.- Acceder á petición formulada en escrito de data 03,05,2013 (documento nº 130049318) polo funcionario municipal D. Avelino San Luis Costas, con DNI 35946375-C e nº de persoal 9900, e en consecuencia autorizar a prórroga da permanencia no servizo activo por un período de 2 anos (dende o 09/08/2013 ao 09/08/2015) do funcionario municipal D. Avelino San Luis Costas, con DNI 35946375-C e nº de persoal 9900, adscrito á Xefatura do Servizo de Relacións Públicas e Comunicación, con efectos do día 9 de agosto de 2013.

Segundo.- Dispoñer que o funcionario solicitante poderá poñer fin á prolongación da permanencia no servizo activo comunicando ao órgano competente a data prevista por él para a súa xubilación efectiva, que deberá dirixir ao órgano competente cunha antelación mínima de tres meses dende a data de xubilación solicitada, dispoñendo que, igualmente, a Administración Municipal poderá deixar sen efecto a presente prórroga por acto administrativo posterior debidamente motivado, quedando a mesma sen efecto en calquera caso no límite máximo establecido par o 09/08/2013, e sempre e en todo caso, na data de cumprimento dos 70 anos de idade

(09/08/2016) en que non caberá posibilidade legal algunha de prórroga, consonte á lexislación vixente.”

Contra o presente acordo poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición perante o órgano que o dictou no prazo de 1 mes, que se entenderá desestimado se transcorre outro sen contestarse. Neste caso, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galici ou perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo nos supostos, termos e condicións previstos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Na mesma data, o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, resolve de conformidade coa precedente proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

C) RESOLUCIÓN DE DATA 3.01.13 DE ENCOMENDA DE FUNCÍONS AO FUNCIONARIO D. FRANCISCO JAVIER GUTIÉRREZ ORÚE. EXPTE. 24231/220.

Dáse conta da referida resolución, que di o seguinte:

Considerando as necesidades organizativas que se demandan polo Concelleiro-delegado da Área de Promoción Económica, Participación Cidadá e Emprego en escritos de data 10/01 e 16/6 do 2011, e atendendo ás circunstancias de que a Xefatura do Servizo de Participación e Atención Cidadá atopase vacante, resulta imprescindible que con carácter provisional se proceda a contar cun funcionario/a municipal que transitoriamente desenvolva as funcións de responsable dos devanditos servizo.

Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007), que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións;

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 13 de xuño do 2011 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

R E S O L V O

“Primeiro.- Encomendar provisional e transitoriamente ao funcionario D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe, con nº de persoal 13920, funcións de responsable do Servizo de Participación e Atención Cidadá, con carácter transitorio e sen prexuízo das tarefas propias da praza e posto de traballo asociado ao cal está adscrito, así como outras tarefas que lle sexan encomendadas polo Concelleiro delegado da Área, relacionadas cós servizos adscritos a mesma.

Segundo.- A dita encomenda, que en todo caso ten carácter provisional, terá validez dende a data do presente decreto, dispoñéndose a cesación automática da citada encomenda no momento no cal se produza a cobertura, mediante algun dos mecanismos legamente previstos,

do posto de xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, e en todo caso ata o 31 de decembro de 2013, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo, . Na solicitude de aboamento deberá relacionarse de xeito exhaustivo as tarefas levadas a cabo no período obxecto de aboamento e deberá acompañarse de listado de control de presenza no que se contemple a maior adicación horaria resultante da realización das tarefas encomendadas amais das correspondentes ao posto ao que se este adscrito. Dito exceso de xornada non será compensable con descansos, compensación ou redución de xornada nin aboable

Terceiro.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partir do seguinte día ao da súa notificación, dése traslado ao interesado, concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos, Planificación e organización, así como ao Comité de Persoal.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

D) RESOLUCIÓN DE DATA 2.05.13 DE ENCOMENDA DE FUNCÍONS AO FUNCIONARIO D. ANTONIO VILLANUEVA GUIMERANS. EXPTE. 6522/113.

Dáse conta da referida resolución, que di o seguinte:

En data 25 de marzo de 2013, o Concelleiro delegado de Administración Electrónica, solicítase a realización dunha encomenda das funcións correspondente ao posto de Xefe do Servizo de Administración Electrónica, a D Antonio Villanueva Guimerans , NP 78152, con posto Codg 222 “Adxunto ao Xefe do Servizo de Administración Electrónica”, ata a incorporación do titular da súa baixa por IT , iniciada o día 8 de febreiro de 2013

Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións;

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 13 de xuño do 2011 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

RESOLVO

“Primeiro.- Encomendar provisionalmente ao funcionario D Antonio Villanueva Guimerans , NP 78152, con posto Codg 222 “Adxunto ao Xefe do Servizo de Administracion Electronica”, as funcións correspondentes ao posto de Xefe do Servizo de Administracion Electronica , con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección do Concellerío Delegado de Administracion Electronica.

Segundo.- A dita encomenda, que en todo caso ten carácter provisional, terá validez dende a data do presente decreto e ata que se proceda á reasignación de efectivos ou incorporacion do funcionario adscrita ao posto acumulado, e en todo caso ata 31 de decembro do 2013, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo Na solicitude de aboamento deberá relacionarse de xeito exhaustivo as tarefas levadas a cabo no periodo obxecto de aboamento e deberá acompañarse de listado de control de presenza no que se contemple a maior adicacion horaria resultante da realización das tarefas encomendas amais das correspondentes ao posto ao que se este adscrito. Dito exceso de xornada non será compensable con descansos, compensacion ou redución de xornada nin aboable

Terceiro.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dese traslado ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefatura da Área de Réxime Interior, Xefatura do Servizo de Recursos Humanos, Planificacion e Organización, así como ao Comité de Persoal para coñecemento e efectos.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben

recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

E) RESOLUCIÓN DE DATA 22.05.13 DE ENCOMENDA DE FUNCIÓNS AO FUNCIONARIO D. JOSÉ FRANCO REZA. EXPTE. 3894/336.

Dáse conta da referida resolución, que di o seguinte:

En data 7 de Maio de 2013 recibese no Servizo de Recursos Humanos, solicitude da Xefa do Servizo de Xuventude, conformada pola Concelleira Delegada; na que se solicita a realización de encomenda de funcións de desenvolvemento de ferramenta web para a campaña verán xove 2013 do servizo de xuventude a D Jose Franco Reza, Auxiliar administrativo do Servizo, ante a urxencia da mesma e a imposibilidade por parte do Servizo de Administracion Electronica do seu desenrrollo, retribuindolle a mesma conforme as instrucións de plantilla vixentes

Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións;

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 13 de xuño do 2011 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

RESOLVO

Primeiro.- Encomendar provisionalmente ao funcionario D. Jose Franco Reza, NP 77172, con posto Codg 140 "Auxiliar Administrativo", funcións de desenvolvemento de ferramenta web para a campaña verán xove 2013 do servizo de xuventude, con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección da Xefa do Servizo de Xuventude e a Concelleira Delegada da Área.

Segundo.- A dita encomenda, que en todo caso ten carácter provisional, terá validez dende a data do presente decreto e ata que se proceda á reasignación de efectivos, e en todo caso ata o 6 de setembro de 2013, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo Na solicitude de aboamento deberá relacionarse de xeito exhaustivo as tarefas levadas a cabo no periodo obxecto de aboamento e deberá acompañarse de listado de control de presenza no que se contemple a maior adicación horaria resultante da realización das tarefas encomendas amais das correspondentes ao posto ao que se este adscrito. Dito exceso de xornada non será compensable con descansos, compensación ou redución de xornada nin aboable

Terceiro.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dese traslado ao interesado, Xefatura do Servizo, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefatura da Área de Réxime Interior, Xefatura do Servizo de Recursos Humanos, Planificación e Organización, así como ao Comité de Persoal para coñecemento e efectos.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento."

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

16(777).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 43.547,90€ A FAVOR DE ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DO MERCADO DO PROGRESO POLOS SERVIZOS DE XESTIÓN EN DITO MERCADO, ABRIL-MAIO. EXPTE. 5467/551.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27.06.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Turismo e Comercio, do 19.06.13, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Distritos, Parques, Xardíns, Limpeza e Mercados, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar as actuacións municipais e a disposición do gasto e prestar aprobación á indemnización substitutoria a favor de ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DO MERCADO DO PROGRESO, CIF G-36664027, na contía de 43.547,90 €, correspondentes ós servizos prestados no Mercado do Progreso en relación coas facturas que se citan.

2º.- De conformidade coas Bases de execución orzamentaria para o ano 2013, recoñecer a obriga do gasto a favor do acredor ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DO MERCADO DO PROGRESO, CIF G-36664027, polo importe de 43.547,90 €, correspondentes ás facturas seguintes:

exped fact	estado fact	nº fact	data fact	fact base	fact ive	fact total
5468/551	v	005/13	02/05/13	17.995,00 €	3.778,95 €	21.773,95 €
5469/551	v	006/13	03/06/13	17.995,00 €	3.778,95 €	21.773,95 €
TOTAL						43.547,90 €

3º.- Ordenar o pago a favor de ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DO MERCADO DO PROGRESO, CIF G-36664027, polo devandito importe de 43.547,90 € con cargo ao crédito dispoñible na partida 4310.227.99.11 "Gastos Funcionamento do Mercado do Progreso" do orzamento vixente.

17(778).- PRIMEIRA REVISIÓN DO PREZO DO CONTRATO DO SERVIZO DE DINAMIZACIÓN XUVENIL DO CASTRO PERÍODO SETEMBRO 2010-SETEMBRO 2011 E PROPOSTA APROBACIÓN DA SEGUNDA REVISIÓN DE PREZOS DO PERÍODO SETEMBRO 2011-SETEMBRO 2012. EXPTE. 3934/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 1.07.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 11.06.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar a 1ª revisión do prezo do contrato servizo de Dinamización Xuvenil do Castro período Setembro 2010 – Setembro 2011, fixando o mesmo a partir de 01/10/2011 ata o 30/09/2012 en 80.615,07 €/ano (sin ive).

Segundo.- Aceptar a renuncia á percepción do importe resultante do incremento da 1ª revisión do IPC do importe do contrato que ascende a 2.073,50 €/ano (sin iva).

Terceiro.- Aprobación da 2ª Revisión de prezos do período Setembro 2011 – Setembro 2012 fixando o mesmo a partires do 01/10/2012 ata 30/09/2013 en 82.844,84 €/ano (sin iva) x 10 % (iva) = 91.239,33 € (iva incluído).

Cuarto.- Recoñecer á empresa adxudicataria en concepto de atrasos polo período outubro 2012 – decembro 2012 un importe total de 640,70 € (iva incluído)

Quinto.- A partir de Xaneiro 2013 o incremento de prezo do contrato, correspondente a 2ª Rev. de IPC é de 213,57 €/mes (iva incluído).

Sexto.- O gasto da presente proposta imputarase á aplicación orzamentaria 3370.2279906.

18(779).-.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Mª Jesús Lago Rey.